



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA INSTAR Á CONSELLERÍA DO MAR A DAR SOLUCIÓNS ÁS MARISCADORAS DA NOSA RÍA

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para instar á Consellería do Mar a dar solucións ás mariscadoras da nosa ría.

Exposición de motivos

A ría de Ferrol é sustento para moitas familias da nosa comarca e foi a última das grandes rías de Galicia en ter EDAR para a case totalidade dos vertidos, pois aínda falta a enseada da Malata, e houbo que agardar ata finais de verán de 2017 para tela. Agora xa se ve a melloría na calidade da auga do mar, mais non na totalidade da ría.

Agravando a situación das nosas augas existe un problema adicional que son os recheos, especialmente os que pechan enseadas, como as da A Malata ou Caranza, ou que cortan literalmente a ría de banda a banda, coma ocorre nas Pías e co tren. Os efectos provocados pola acción conxunta de vertidos e barreiras á circulación de auga do mar, provocan a degradación da case totalidade dos bancos marisqueiros da ría, e a perda e desaparición de algunhas partes destes, coma sucede no caso do banco das Pías. Este nivel de deterioro é tan grande, que incluso co saneamento funcionando non chega para remontar a perda de produción.

A todo isto hai que sumar ademais o efecto dun parásito, “Perkinsus olseni”, que acabou de rematar a xa nefasta situación do banco marisqueiro das Pías.

Ante esta situación as Confrarías da Ría de Ferrol vense impotentes, por non ter capacidade para mellorar a situación, nin ver por parte da Consellería do Mar intención de acometer a solución real do problema. A produción marisqueira da ría de Ferrol está en mínimos históricos, tanto a pé como a flote, o que levou á precariedade a moitas familias que se viron privadas de ingresos.

A Consellería do Mar propuxo o peche dos bancos e para dar a opción de acollerse a axudas por cese de actividade, máis é imposible acceder a elas polas condicións que a mesma administración autonómica determina.

Por iso, as confradías da Ría de Ferrol e este grupo municipal de Ferrol en Común, **solicitamos** a través desta moción e no prazo mais inmediato:

1. Instar á Consellería do Mar para o peche dos bancos marisqueiros e a percepción das axudas pertinentes para o colectivo afectado; así coma contar coas confrarías para a realización das tarefas necesarias para a mellora das zonas produtivas.

2. Realización por parte do Ministerio de Fomento e Xunta de Galicia dun estudo integral da ría, para coñecer os problemas existentes e poder dar solución eficaz e definitiva a esta situación.

3. Instar á Xunta de Galicia á recuperación da ría, dos postos de traballo e da riqueza que esta xera.

Ferrol, 18 de setembro de 2020

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común